

## MESA XERAL DE ORZAMENTOS E LEI DE MEDIDAS (17/10/18)

A Administración resposta que na próxima semana convocará ás OOSS a retomar a negociación de todos os aspectos que regulan ambas leis, así como a transposición do II Acordo estatal, e que o prazo de negociación estará aberto polo menos ata o día 15 de novembro

### O Director Xeral de Orzamentos informa que:

- Os gastos de persoal do proxecto de Lei de Orzamentos 2019 se incrementan o 3,4%, (127 millóns). A DA 14ª contempla os incrementos salariais do II Acordo estatal de mellora de emprego público e as condicións de traballo, asinado por UGT, CCOO e CSIF, do 2,25% máis o 0,25 a partir do mes de xullo de 2019, cando se habilite a normativa estatal básica.
- Contemplase os acordos asinados en ámbitos sectoriais, Xustiza, Ensino, SERGAS e AAFFMM, ligados ao incremento que habilita o Acordo estatal; 9 mill.€ para a integración no SPDCIF do colectivo de Bombeiros Forestais de SEAGA, cunha dotación de 600 novas prazas e pasando de 4 meses de contrato a 5; e incremento de 5,5 mill.€ (12,5%) por creación de novas prazas e a integración no V Convenio Colectivo Único do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

### O Director Xeral da Función Pública informa que:

- A oferta pública de emprego adaptárase aos límites máximos e aos restantes requisitos que se establezan na normativa básica estatal (**taxa 100% e 8% adicional**).
- Recuperación do complemento do **100% en situación de IT**.
- Aplicación do acordo estatal que se asinará en vindeiros días, coa obrigatoriedade dun complemento persoal cando o cambio de posto á vítima de violencia de xénero implique diferenza salarial negativa.
- O permiso de **maternidade pasará de 20 a 22 semanas** e no de paternidade aplicaran a ampliación a 9 semanas que podería facerse a nivel estatal ou contemplarán unha ampliación.
- A LEPG bastaría para levar a cabo a **adaptación de xornadas especiais e a quendas**.
- Segunda actividade:** manifesta que se pode estudar algunha modificación na normativa actual que afecta ao Servizo de **Gardacostas**, en atención a que as OOSS temos manifestado a dificultade na súa posta en marcha. Ao respecto da escala de **Axentes Forestais e Medioambientais** inclúese na previsión normativa, en cumprimento do Acordo asinado a semana pasada.

### FeSP-UGT expón que:

A Mesa solo cubre unha formalidade de obrigado cumprimento, solicitamos a incorporación á acta das alegacións iniciais presentadas, levamos demandando a negociación dende marzo, remitindo sucesivas alegacións ata o 8 de agosto, data da suspensión da negociación da transposición do Acordo estatal.

Entendemos que os **acordos sectoriais** requiren de fondos adicionais pola transposición a Galicia do Acordo estatal que os habilita, para que non exista ningún tipo de dificultades, **incluíndo o ámbito do persoal laboral e funcionario** que nestes momentos **atópase con maior grado de discriminación**.

A **recuperación gradual con avances retributivos fixos e adicionais**, a **IT o 100%**, e a **negociación de xornadas** no ámbito de desenvolvemento do Acordo estatal para ir a unha homologación entre todas as administracións del Estado dos cómputos efectivos de xornada cunha especial atención a determinados servizos ou modelos de prestacións, que se aplica en moitas Comunidades Autónomas e na Administración Xeral do Estado, **suporá a derogación da Lei 1/2012 nalgúnhas cuestións nucleares**, como son os **dereitos ligados ao V Convenio Colectivo do Persoal Laboral**.



# HAI QUE REPARAR O DANO

Esta Mesa debería comprometer a negociación real e inmediata no período de tramitación destas dúas leis, e traspoñer o II Acordo estatal para a recuperación da negociación colectiva sobre salarios, OPEs, tanto ordinarias como de estabilidade, e dereitos.

**A Administración resposta que na próxima semana convocará ás OOSS a retomar a negociación de todos os aspectos que regulan ambas leis, así como a transposición do II Acordo estatal, e que o prazo de negociación estará aberto polo menos ata o día 15 de novembro**

### **OUTRAS ALEGACIÓNS DE FeSP-UGT ao anteproxecto da Lei de medidas. Materia de persoal:**

Ao respecto das **modificacións á LEPG formuladas nos artigos 14 d), e 17.2.f)**, FeSP-UGT non esta de acordo en sectorializar ou parcelar a competencia da convocatoria e resolución dos concursos xeral e especial, retrae o dereito á promoción profesional do persoal empregado público.

Ao respecto da **Disposición Adicional Décimo Cuarta**, da Segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de AAFMM, débese precisar temporalmente o seu desenvolvemento regulamentario no primeiro semestre de 2019.

Aceptamos a proposta de derogación do artigo 2 ao respecto do percibo do 100% nos casos de incapacidade temporal e licencia por enfermidade e **requirimos se promovan as seguintes medidas de conciliación:**

- En **materia de xornada**, homologación progresiva de xornada efectiva con outras administracións, con calendarios ponderados atendendo ás peculiaridades sectoriais, funcións e tarefas e as compensacións de ser o caso.
- **Negociación sectorial de xornada continuas de persoal con fillos menores de 12 anos ou discapacitados.**
- O **establecemento da bolsa de horas de libre disposición recuperables de até o 5% da xornada anual.**
- Establecer a **redución de xornada retribuída**, ata rematar o primeiro mes tras a finalización dun tratamento de radioterapia ou quimioterapia ou de outros tratamentos de especial gravidade, non vinculado á bolsa de horas de conciliación.
- Aprobar un **Plan Marco de igualdade**
- **Propomos a creación das escalas de Seguridade e Saúde Laboral no Traballo e a de Orientación Profesional**

### **Incrementos retributivos:**

Para a **recuperación salarial** do ámbito do **persoal funcionario e laboral da Admon. Xeral da Xunta**, **urxe completar os incrementos salariais adicionais con criterios de consolidación e recuperación proporcional ás perdas acumuladas.**

A **transposición do II Acordo estatal** permite iniciar a **recuperación de salarios, emprego e dereitos** e suporía a **derogación en gran medida da Lei 1/2012** xa que ademais non se dan as **xustificacións económicas** que motivaron unha norma de carácter transitorio e que deberá ser derogada.

**A ADMINISTRACIÓN MANIFESTA A SÚA VONTADE DE NEGOCIAR OS INCREMENTOS SALARIAIS DO PERSOAL DEPENDENTE DE FUNCIÓN PÚBLICA**

**FeSP-UGT** reitera a solicitude realizada, o pasado 26 de setembro, de apertura de negociación sobre un acordo das condicións de traballo do persoal do **Centro Tecnolóxico da Carne**, responde que convocarán en vindeiras datas.

**FeSP-UGT** pregunta pola de negociación da **RPT no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, e as **OPEs**. A resposta é que a OPE contará con un número moi importante de prazas do ámbito da Consellería de Política Social, que incluírá o 20% comprometido no Acordo asinado coas OOSS. Sobre a RPT comenta que teñen tres cuestións por concretar para iniciar inmediatamente a negociación coas Organizacións Sindicais.



# HAI QUE REPARAR O DANO